

MEMORIA VALORADA

**SUBSTITUCIÓN DE PAVIMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MANUEL
COTO FERREIRO – A ESTRADA**

SITUACIÓN

ZONA DEPORTIVA DE FIGUEROA - A ESTRADA - PONTEVEDRA

PROMOTOR

CONCELLO DA ESTRADA

Daniel Órrea Corral – Arquitecto Técnico.

ÍNDICE

- 1.- ANTECEDENTES
- 2.- OBXECTO
- 3.- ENCARGO
- 4.- DESCRICIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL
- 5.- PROGRAMA DE NECESIDADES
- 6.- ORZAMENTO
- 7.- DOCUMENTACIÓN GRÁFICA
- 8.- ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

1.- ANTECEDENTES

O Pavillón Polideportivo Municipal Manuel Coto Ferreiro é unha das instalacións máis utilizadas no Concello Estradense para a docencia, entrenamento e competición.

A intensidade de uso á que está sometido conleva á realización de constantes inversións de reparación e mantemento.

2.- OBXECTO

É obxecto desta memoria definir os traballos precisos así como a valoración das obras de **SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO do PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL MANUEL COTO FERREIRO.**

3.- ENCARGO

O encargo da memoria realízao o **CONCELLO DA ESTRADA** con CIF P3601700B

4.- DESCRICIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

O actual pavimento, sintético, está a ocasionar problemas pola súa falta de adherencia ó soporte, o que ocasiona a formación de “Bochas”, coa consecuente molestia para os usuarios e incluso co perigo de poder ocasionar accidentes.

5.- PROGRAMA DE NECESIDADES

O estado avanzado de desgaste do pavimento, unido á falta de adherencia ó soporte de base desemboca na necesidade da total substitución do mesmo, por outro de similares características, que satisfaga as condicións básicas de utilización.

Proxéctase a desmontaxe do actual pavimento, eliminando os restos de adhesivo mediante pulido da base de formigón. Inclúese o tratamento superficial de regularización desta base, por se a mesma puidera presentar desperfectos como afundimentos ou falta de nivelación ou agarre.

Posteriormente, instalarase un pavimento vinílico tipo Taraflex Sport M Evolution de Gerflor ou equivalente, de 7 mm de espesor, constituído por un complexo de superficie D-Max en vinilo plastificado, calandrado, prensado con superficie gofrada imitación madeira e reforzado por un complexo non tecido de malla de fibra de vidro.

Absorción ó impacto según UNE-EN 14808 32%

Categoría norma UNE EN 149-04 P1

Altura de rebote de balón según UNE,EN 12235 > 90%

Tratamento fotoreticulado ProtecSol triple acción aplicado en fábrica

Tratamento anti fungistático e bacteriostático en todo o espesor do material

Instalación segundo norma UNE-CEN/TS 14472 mediante adhesivo.

Xuntas termosoldadas.

6.- ORZAMENTO DESCRITIVO DAS OBRAS

7.- DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

8.- SEGURIDADE E SAÚDE

ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

OBRA. SUBSTITUCIÓN DE PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MANUEL COTO FERREIRO - ESTRADA

PROMOTOR: EXCMO CONCELLO DA ESTRADA.

SITUACION: ZONA DEPORTIVA DE FIGUEROA - A ESTRADA

REAL DECRETO 1627/1997, DO 24 DE OUTUBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN DISPOSICIÓNS MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN (BOE 25/10/97).

REAL DECRETO 171/2004, DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, POLO QUE SE DESENVOLVE O ARTIGO 24 DA LEI 31/1995, DO 8 DE NOVEMBRO, DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

ÍNDICE

ANTECEDENTES E DATOS XERAIS

XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

OBXECTO DO ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

DATOS DO PROXECTO

DESCRIBIÓN DA SITUACIÓN E DA OBRA

INSTALACIÓNS PROVISIONAIS E ASISTENCIA SANITARIA

MAQUINARIA PESADA DE OBRA

MEDIOS AUXILIARES

RISCOS LABORAIS

RISCOS LABORAIS EVITABLES COMPLETAMENTE

RISCOS LABORAIS NON ELIMINABLES COMPLETAMENTE

RISCOS LABORAIS ESPECIAIS

PREVISIÓNS PARA TRABALLOS FUTUROS

NORMATIVA APLICABLE

XERAL

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

INSTALACIÓNS E EQUIPOS DE OBRA

NORMATIVA DE ÁMBITO LOCAL (ORDENANZAS MUNICIPAIS)

PREGO DE CONDICIÓNS

EMPREGO E MANTEMENTO DOS MEDIOS E EQUIPOS DE PROTECCIÓN

OBRIGAS DO PROMOTOR

COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE

PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO
OBRIGAS DE CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS
OBRIGAS DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS
LIBRO DE INCIDENCIAS
PARALIZACIÓN DOS TRABALLOS
DEREITOS DOS TRABALLADORES
ÓRGANOS OU COMITÉS DE SEGURIDADE E HIXIENE. CONSULTA E PARTICIPACIÓN DOS
TRABALLADORES
DISPOSICIÓNS MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE QUE DEBEN APLICARSE NAS OBRAS

1 ANTECEDENTES E DATOS XERAIS

XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

O Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, establece no artigo 4, apartado 2, que nos proxectos de obra non incluídos nos supostos previstos no apartado 1 do mesmo artigo, o promotor estará obrigado a que na fase de redacción do proxecto se elabore un estudo básico de seguridade e saúde.

Polo tanto, hai que comprobar que se dan todos os supostos seguintes:

O presuposto de execución por contrata (PEC) é inferior a 450.759,08 euros.

A duración estimada da obra non é superior a 30 días ou non se emprega en ningún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.

Prazo de execución previsto =	1 MES
-------------------------------	-------

Número de traballadores previsto que traballen simultaneamente =	6
--	---

(Neste apartado basta que se dea unha das dúas circunstancias)

O volume de man de obra estimada é inferior a 500 xornadas (suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra).

Número aproximado de xornadas	480
-------------------------------	-----

Non é unha obra de túneles, galerías, conducións subterráneas ou presas.

OBJECTO DO ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

O presente estudo básico de seguridade e saúde está redactado para lle dar cumprimento ao Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de riscos laborais.

Conforme se especifica no artigo 6, apartado 2, do Real decreto 1627/1997, o estudo básico deberá precisar:

Relación das normas de seguridade e saúde aplicables á obra.

Identificación dos riscos que poidan ser evitados, indicando as medidas técnicas necesarias para iso.

Relación dos riscos laborais que non poidan eliminarse, especificando as medidas preventivas e proteccións técnicas tendentes a controlar e reducir os ditos riscos e valorando a súa eficacia, en especial cando se propoñan medidas alternativas. Non será necesario valorar esta eficacia cando se adopten as medidas establecidas pola normativa ou indicadas pola autoridade laboral (notas técnicas de prevención).

Relación de actividades e medidas específicas relativas aos traballos incluídos no anexo II.

Previsión e informacións útiles para efectuar no seu día, nas debidas condicións de seguridade e saúde, os previsibles traballos posteriores.

DATOS DO PROXECTO

O presente estudo básico de seguridade e saúde refírese ao proxecto cuxos datos xerais son:

Tipo de obra	SUBSTITUCIÓN DE PAVIMENTO EXISTENTE
Situación	POLIDEPORTIVO MANUEL COTO FERREIRO - A ESTRADA
Poboación	A ESTRADA. PONTEVEDRA
Promotor	EXCMO CONCELLO DA ESTRADA
Arquitecto Técnico	DANIEL ÓRREA CORRAL
Coordinador de seguridade e saúde	POR CONTRATO EXPRESO
Presuposto de execución material	* VER ORZAMENTO DE PROXECTO
Duración da obra	1 MES
N.º máximo de traballadores	6

DESCRICIÓN DA SITUACIÓN E DA OBRA

Características e condicionantes da situación onde se realizará a obra:

Accesos á obra	DENDE ESTRADA MUNICIPAL PAVIMENTADA.
Topografía do terreo	CHÁ
Tipo de chan	ARXILOSO COMPACTO
Edificacións lindeiras	NON
Subministración e. eléctrica	SI
Subministración de auga	REDE MUNICIPAL
Sistema de saneamento	REDE MUNICIPAL

Características xerais da obra e fases das que consta:

Demolicións	X
Movemento de terras	
Cimentación e estruturas	
Cubertas	
Albanelería e cerramentos	
Acabados	X
Instalacións	

INSTALACIÓNS PROVISIONAIS E ASISTENCIA SANITARIA

De acordo co apartado 15 do anexo 4 do Real decreto 1627/1997, a obra disporá dos servizos hixiénicos seguintes:

Vestuarios adecuados de dimensións suficientes, con asentos e armarios individuais provistos de chave, cunha superficie mínima de 2 m² por traballador e unha altura mínima de 2,30 m.

Lavabos con auga fría e quente, a razón dun lavabo por cada 10 traballadores ou fracción.

Duchas con auga fría e quente, a razón dunha ducha por cada 10 traballadores ou fracción.

Retretes a razón dun inodoro cada 25 homes ou 15 mulleres ou fracción. Cabina cunha superficie mínima de 1,20 m² e altura de 2,30 m.

De acordo co apartado A3 do anexo 6 do Real decreto 1627/1997, a obra disporá do material de primeiros auxilios que se indica a continuación:

Unha caixa de urxencias portátil que conteña desinfectantes e antisépticos autorizados, gasas estériles, algodón hidrófilo, venda, esparadrapo, apósitos adhesivos, torniquete, antiespasmódicos, analxésicos, bolsa para auga ou xeo, termómetro, tesoiras, xiringas desbotables, pinzas e guantes desbotables.

Nivel de asistencia	Distancia en Km
Asistencia primaria (urxencias)	1 Km (A ESTRADA)
Asistencia especializada (hospital)	25 Km (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MAQUINARIA PESADA DE OBRA

A maquinaria que se prevé empregar na execución da obra indícase na táboa adxunta:

Compresor hidráulico
Serra circular.

MEDIOS AUXILIARES

Na táboa seguinte relaciónanse os medios auxiliares que van ser empregados na obra e as súas características máis importantes:

MEDIOS	CARACTERÍSTICAS
Andamios tubulares apoiados	Deberán montarse baixo a supervisión de persoa competente Apoiaranse sobre unha base sólida e preparada axeitadamente Disporanse anclaxes axeitados ás fachadas As cruces de San Andrés colocaranse por ambos lados Correcta disposición das plataformas de traballo Correcta disposición de varanda de seguridade, barra intermedia e rodapé Correcta disposición dos accesos ós distintos niveis de traballo Uso de cinturón de seguridade de suxeición Clase A, Tipo I durante o montaxe e desmontaxe
Escaleiras de man	Zapatas antideslizantes. Deben sobrepasar en 1 m. a altura a salvar. Separación da pared na base = ¼ da altura total

Instalación eléctrica	<p>Cadro xeral en caixa estanca de dobre aillamento, situado a h maior de 1m:</p> <p>Interruptores diferenciais de 0,3A en líneas de máquinas e forza</p> <p>Interruptores diferenciais de 0,03A en líneas de iluminado a tensión maior que 24V.</p> <p>Interruptor magnetotérmico xeral omnipolar accesible dende o exterior</p> <p>I. magnetotérmicos en líneas de máquinas, tomas de corrente e iluminado</p> <p>A instalación de cables será aérea dende a saída do cadro</p> <p>A posta a terra (caso de non empregar a do edificio) será menor ou igual a 80 ohmios</p>
-----------------------	---

RISCOS LABORAIS

RISCOS LABORAIS EVITABLES COMPLETAMENTE

Relación de riscos laborais que, podendo presentarse na obra, van ser totalmente evitados mediante a adopción das medidas técnicas que tamén se inclúen:

RISCOS EVITABLES	MEDIDAS TÉCNICAS ADOPTADAS
Derivados da rotura de instalacións existentes	Neutralización das instalacións existentes

RISCOS LABORAIS NON ELIMINABLES COMPLETAMENTE

Identificación de riscos laborais que non poden ser completamente eliminados e as medidas preventivas e proteccións técnicas que deberán adoptarse para o control e a redución deste tipo de riscos. A primeira táboa refírese a aspectos xerais que afectan a totalidade da obra e as restantes os aspectos específicos de cada unha das fases nas que esta pode dividirse.

TODA A OBRA	
RISCOS	
Caídas de operarios ó mesmo nivel	
Caídas de operarios a distinto nivel	
Caídas de obxectos sobre operarios	
Choques ou golpes contra obxectos	
Corpos extraños nos ollos	
Sobreesforzos	
MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS COLECTIVAS	GRAO DE ADOPCIÓN
Orden e limpeza dos lugares de traballo	Permanente
Iluminación axeitada e suficiente (iluminado de obra)	Permanente
Non permanecer no radio de acción das máquinas	Permanente
Posta a terra en cadros, masas e máquinas sen dobre aillamento	Permanente
Sinalización da obra (sinais e carteis)	Permanente
Cintas de sinalización e balizamento a 10 m. de distancia	Alternativa al vallado
Escaleiras auxiliares	Ocasional
Grúa parada e en posición veleta	Fin de cada xornada
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIS)	EMPREGO
Cascos de seguridade	Permanente
Calzador protector	Permanente
Roupa de traballo	Permanente
Roupa impermeable ou de protección	Con mal tempo

Lentes de seguridade	Frecuente
Cinturóns de protección do tronco	Ocasional

6 ACABADOS	
RISCOS	
Caídas de materiais transportados	
Lesións e cortes en mans	
Atrapamentos con ou entre obxectos ou ferramentas	
MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIONS COLECTIVAS	GRADO DE ADOPCIÓN
Ventilación adecuada e suficiente (natural ou forzada)	Permanente
Andamios	Permanente
Varandas	Permanente
Escaleiras peldañeadas e protexidas	Permanente
Almacenamento correcto dos produtos	Permanente
Paralización dos traballos en condicións meteorolóxicas adversas	Ocasional
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIs)	EMPLEO
Lentes de seguridade	Ocasional
Luvas de coiro ou goma	Frecuente
Botas de seguridade	Frecuente
Cinturóns e arneses de seguridade	Ocasional

RISCOS LABORAIS ESPECIAIS

Na seguinte táboa relaciónanse aqueles traballos que, sendo necesarios para o desenvolvemento da obra definida no proxecto de referencia, implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores e están por iso incluídos no anexo II do Real decreto 1627/1997.

Tamén se indican as medidas específicas que deben adoptarse para controlar e reducir os riscos derivados deste tipo de traballos.

TRABALLOS CON RISCOS ESPECIAIS	MEDIDAS ESPECÍFICAS PREVISTAS
--------------------------------	-------------------------------

PREVISIÓNS PARA TRABALLOS FUTUROS

O apartado 3 do artigo 6 do Real decreto 1627/1997, establece que no estudo básico se contemplarán tamén as previsións e as informacións para efectuar no seu día, nas debidas condicións de seguridade e saúde, os previsibles traballos posteriores.

RISCOS
Caídas ó mesmo nivel en solos
Caídas por ocos en peches
Caídas por resbalóns
MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓNS COLECTIVAS
Andamiaxes, escaleiras e demais dispositivos provisionais axeitados e seguros
Ancoraxes de cinturóns fixados á parede para a limpeza de ventás non accesibles
Ancoraxes de cinturóns para reparación de teitos e cubertas
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)
Casco de seguridade
Roupa de traballo
Cinturóns de seguridade e cables de lonxitude e resistencia axeitada para limpadores de ventás
Cinturóns de seguridade e cables de lonxitude e resistencia axeitada para reparar tellados e cubertas inclinadas

NORMATIVA APLICABLE

XERAL

Lei 54/2003, do 12 de decembro, de prevención de riscos laborais pola que se modifican algúns artigos da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, de prevención de riscos laborais, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Real decreto 909/2001, do 27 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexielose.

Real decreto 216/1999, do 5 de febreiro, do Ministerio de Traballo polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo no ámbito das empresas de traballo temporal.

Real decreto 780/1998, do 30 de abril, de prevención de riscos laborais do Ministerio da Presidencia.

Real decreto 780/1997, do 21 de marzo, que determina o Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguridade industrial (modifica o Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro).

O. TAS/2926/2002 do 19 de novembro, pola que se establecen novos modelos para a notificación dos accidentes de traballo e regula o procedemento para o seu cumprimento e tramitación.

Decreto 9/2001, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os criterios sanitarios para a prevención da contaminación por lexielose nas instalacións térmicas.

Resolución do 23 de xullo de 1998 de riscos laborais, da Secretaría de Estado para a Administración pública.

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo do 9 de marzo de 1971 (segue sendo válido o título II que comprende os artigos desde o n.º 13 ao n.º 51, os artigos anulados quedan substituídos pola Lei 31/1995).

Regulamento Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, sobre servizos de prevención.

Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, polo que se establecen disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde.

Real decreto 486/1997, do 14 de abril, sobre seguridade e saúde nos lugares de traballo.

Real decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde sobre manipulación manual de cargas.

Ordenanza de traballo, industrias, construción, vidro e cerámica (O. M. 28/08/70, O. M. 28/07/77, O. M. 04/07/83, en títulos non derogados).

Estatuto dos traballadores (Lei 8/1980, Lei 32/1984, Lei 11/1994).

Directiva 92/57/CEE do 24 de xuño, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde que deben aplicarse nas obras de construción temporais ou móbiles.

Real decreto 664/1997, do 12 de maio (BOE 24/05/97). Protección dos traballadores contra riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

Real decreto 665/1997, do 12 de maio (BOE 24/05/97). Protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

O. do 20 de maio de 1952 (BOE 15/06/52). Regulamento de seguridade e hixiene do traballo na industria da construción. Modificacións: O. do 10 de setembro de 1953 (BOE 22/12/53). O. do 23 de setembro de 1966 (BOE 01/10/66). Art. 100 a 105 derogados por O. do 20 de xaneiro de 1956.

O. do 31 de xaneiro de 1940. Estadas: cap. VII, art. 66.º a 74.º (BOE 03/02/40). Regulamento xeral sobre seguridade e hixiene.

O. do 20 de setembro de 1986 (BOE 13/10/86). Modelo de libro de incidencias correspondente ás obras nas que sexa obrigatorio o estudo de seguridade e hixiene. Corrección de erros: BOE 31/10/86.

O. do 31 de agosto de 1987 (BOE 18/09/87). Sinalización, balizamento, limpeza e terminación de obras fixas en vías fóra de poboado.

O. do 23 de maio de 1977 (BOE 14/06/81). Regulamentación de aparatos elevadores para obras. Modificación: O. do 7 de marzo de 1981 (BOE 14/03/81).

O. do 28 de xuño de 1988 (BOE 07/07/88). Instrución técnica complementaria MIE-AEM 2 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención referente a guindastres-torre desmontables para obras. Modificación: O. do 16 de abril de 1990 (BOE 24/04/90).

O. do 31 de outubro de 1984 (BOE 07/11/84). Regulamento sobre seguridade dos traballos con risco de amianto.

O. do 7 de xaneiro de 1987 (BOE 15/01/87). Normas complementarias de Regulamento sobre seguridade dos traballadores con risco de amianto.

Real decreto 1316/1989 do 27 de outubro (BOE 02/11/89). Protección dos traballadores fronte aos riscos derivados da exposición ao ruído durante o traballo.

O. do 9 de marzo de 1971 (BOE 16 e 17/03/71). Ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo. Corrección de erros: BOE 06/04/71. Modificación: BOE 02/11/89. Derrogados algúns capítulos por: Lei 31/1995, Real decreto 485/1997, Real decreto 486/1997, Real decreto 664/1997, Real decreto 665/1997, Real decreto 773/1997, Real decreto 1215/1997.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde de equipos de protección individual.

Real decreto 1435/92, do 27 de novembro de 1992 (BOE 11/12/92), reformado por Real decreto 56/1995, do 20 de xaneiro (BOE 08/02/95). Disposicións de aplicación da Directiva 89/392/CEE, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre máquinas.

Real decreto 1495/1986, do 26 de maio (BOE 21/07/86). Regulamento de seguridade nas máquinas.

Resolucións aprobatorias de normas técnicas regulamentarias para distintos medios de protección persoal de traballadores:

R. do 14 de decembro de 1974 (BOE 30/12/74): N.R. MT-1: cascos non metálicos.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 01/09/75): N.R. MT-2: protectores auditivos.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 02/09/75): N.R. MT-3: pantallas para soldadores. Modificación: BOE 24/10/7.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 03/09/75): N.R. MT-4: guantes illantes de electricidade.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE: 04/09/75): N.R. MT-5: calzado de seguridade contra riscos mecánicos. Modificación: BOE 27/10/75.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 05/09/75): N.R. MT-6: banquetas illantes de manobras. Modificacións: BOE 28/10/75.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 06/09/75): N.R. MT-7: equipos de protección persoal de vías respiratorias. Normas comúns e adaptadores faciais. Modificacións: BOE 29/10/75.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 08/09/75): N.R. MT-8: equipos de protección persoal de vías respiratorias: Filtros mecánicos. Modificación: BOE 30/10/75.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 09/09/75): N.R. MT-9: equipos de protección persoal de vías respiratorias: máscaras autofiltrantes. Modificación: BOE 31/10/75.

R. do 28 de xullo de 1975 (BOE 10/09/75): N.R. MT-10: equipos de protección persoal de vías respiratorias: filtros químicos e mixtos contra amoníaco. Modificación: BOE 01/11/75.

INSTALACIONES E EQUIPOS DE OBRA

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo.

Normativa de ámbito local (Ordenanzas municipais)

Normativas relativas á organización dos traballadores. Artigos 33 ao 40 da Lei de prevención de riscos laborais, de 1995 (BOE 10/11/95).

Normas relativas á ordenación de profesionais da seguridade e hixiene.

Regulamento dos servizos de prevención, Real decreto 39/1997 (BOE 31/07/97).

Normas da Administración local. Ordenanzas municipais en canto se refire á seguridade, hixiene e saúde nas obras e que non contradigan o relativo ao Real decreto 1627/1997.

Regulamentos técnicos dos elementos auxiliares: Regulamento electrónico de baixa tensión. BOE 9/10/73 e normativa específica zonal. Regulamento de aparatos elevadores para obras. (BOE 29/05/1974). Aparatos elevadores ITC. Orde do 19-12-1985, pola que se aproba a instrución técnica complementaria MIE-AEM-1 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención referente aos ascensores electromecánicos (BOE 11-6-1986) e ITC MIE.2 referente a guindastres-torre (BOE 24/4/1990).

Normativas derivadas do convenio colectivo provincial.

As que teñan establecidas no convenio colectivo provincial.

PREGO DE CONDICIÓN

EMPREGO E MANTEMENTO DOS MEDIOS E EQUIPOS DE PROTECCIÓN

Características de emprego e conservación de maquinarias:

Cumprirase o indicado polo Regulamento de seguridade nas máquinas, Real decreto 1495/86, sobre todo no que se refire ás instrucións de uso e á instalación e posta en servizo, inspeccións e revisións periódicas e regras xerais de seguridade.

As máquinas incluídas no anexo do Regulamento de máquinas e que se prevé usar nesta obra son as seguintes:

- 1.- Dosificadoras e mesturadoras de áridos.
- 2.- Ferramentas pneumáticas.
- 3.- Formigoneiras.
- 4.- Dobradoras de ferros.
- 5.- Endereitadoras de varas.
- 6.- Lixadoras, pulidoras de mármore e terrazo.

Características de emprego e conservación de útiles e ferramentas:

Tanto no emprego coma na conservación dos útiles e ferramentas, o encargado da obra velará polo seu correcto emprego e conservación e esixiralles aos traballadores o cumprimento das especificacións emitidas polo fabricante para cada útil ou ferramenta.

O encargado de obra establecerá un sistema de control dos útiles e ferramentas, co fin de que se utilicen coas prescricións de seguridade específicas para cada unha delas.

As ferramentas e útiles establecidos nas previsións deste estudo pertencen ao grupo de ferramentas e útiles coñecidos e con experiencias no seu emprego e débense aplicar as normas xerais, de carácter práctico e de xeral coñecemento, vixentes segundo os criterios xeralmente admitidos.

Emprego e conservación de equipos preventivos:

Consideraranse os dous grupos fundamentais:

Proteccións persoais:

Terase preferente atención aos medios de protección persoal.

Toda prenda terá fixado un período de vida útil e desbotarase ao seu remate.

Cando por calquera circunstancia —sexa de traballo ou mala utilización— se deteriore unha prenda de protección persoal ou equipo, esta reporase independentemente da duración prevista.

Todo elemento de protección persoal axustarase ás normas de homologación do Ministerio de Traballo e/ou consellería e, en caso de que non exista a norma de homologación, a calidade esixida será a adecuada ás prestacións previstas.

Proteccións colectivas:

O encargado e o xefe de obra son os responsables de velar pola correcta utilización dos elementos de protección colectiva e contará co asesoramento e colaboración dos departamentos de almacén, maquinaria e do propio servizo de seguridade da empresa construtora.

Especificaranse algúns datos que haberá que cumprir nesta obra, ademais do indicado nas normas oficiais:

Valos de delimitación e protección en pisos:

Terán, como mínimo, 90 cm de altura e estarán construídos a base de tubos metálicos e con patas que manteñan a súa estabilidade.

Ramplas de acceso á zona escavada:

A rampla de acceso farase con caída lateral xunto ao muro de pantalla. Os camións circularán o máis cerca posible deste.

Varandas:

As varandas rodearán o perímetro de cada planta desencofrada e o seu acceso debe estar condenado ás outras plantas polo interior das escaleiras.

Redes perimetrais:

A protección do risco de caída a distinto nivel farase mediante a utilización de pescantes tipo galla, colocadas de 4,50 a 5,00 m, excepto en casos especiais que así o requiran pola implantación. O extremo inferior da rede ancorarase a gallas de ferro embebidas no forxado. As redes serán de nailon cunha modulación apropiada. A corda de seguridade será de poliamida e os módulos da rede estarán atados entre si por unha corda de poliamida. Protexerase o desencofrado mediante redes da mesma calidade, ancoradas ao perímetro dos forxados.

Redes verticais:

Empregaranse en traballos de fachadas relacionados con balcóns e galerías. Suxeitaranse a un armazón apuntoado do forxado, con embolsado na planta inmediata inferior a aquela onde se traballa.

Mallazos:

Os ocos verticais inferiores protexeranse con malla prevista no forxado de pisos e cortarase unha vez se necesite o oco. Resistencia segundo dimensión do oco.

Cables de suxeición de cinto de seguridade:

Os cables e suxeicións previstos terán suficiente resistencia para soportar os esforzos aos que poidan ser sometidos, de acordo coa súa función protectora.

Marquesiña de protección para a entrada e a saída do persoal:

Consistirá en armazón, teito de taboleiro e colocarse nos espazos designados para a entrada do edificio. Para maior garantía preventiva, valarase a planta baixa, a excepción dos módulos designados.

Plataformas voadas en pisos:

Terán a suficiente resistencia para a carga que deban soportar, estarán convenientemente ancoradas, dotadas de varandas e rodapé en todo o seu perímetro exterior e non se situarán na mesma vertical en ningunha das plantas.

Extintores:

Serán de po polivalente e revisaranse periodicamente.

Plataforma de entrada-saída de materiais:

Fabricada toda ela de aceiro. Estará dimensionada en canto ao soporte de cargas con dimensións previstas. Disporá de varandas laterais e estará apuntoada por 3 puntais en cada lado con taboleiro de repartimento. Cálculo estrutural segundo as accións que vaia soportar.

OBRIGAS DO PROMOTOR

Antes do inicio dos traballos, o promotor designará un coordinador en materia de seguridade e saúde, cando na execución das obras interveñan máis dunha empresa ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos.

A designación do coordinador en material de seguridade e saúde non eximirá o promotor das súas responsabilidades.

O promotor deberá avisar a autoridade laboral competente antes do comezo das obras, que se redactará de acordo co disposto no anexo III do Real decreto 1627/1997, debendo expoñerse na obra de forma visible e actualizándose se fose necesario.

COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE

A designación do coordinador na elaboración do proxecto e na execución da obra poderá recaer na mesma persoa.

O coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra deberá desenvolver as seguintes funcións:

Coordinar a aplicación dos principios xerais de prevención e seguridade.

Coordinar as actividades da obra para garantir que as empresas e o persoal actuante apliquen de maneira coherente e responsable os principios de acción preventiva que se recollen no artigo 15 da Lei de prevención de riscos laborais durante a execución da obra e, en particular, nas actividades ás que se refire o artigo 10 do Real decreto 1627/1997.

Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado polo contratista e, se é o caso, as modificacións introducidas neste.

Organizar a coordinación de actividades empresariais previstas no artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais.

Coordinar as accións e funcións de control da aplicación correcta dos métodos de traballo.

Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra.

A dirección facultativa asumirá estas funcións cando non sexa necesaria a designación do coordinador.

PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, o contratista, antes do inicio da obra, elaborará un plan de seguridade e saúde no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas neste estudo básico e en función do seu propio sistema de execución de obra. No dito plan incluíranse, se é o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, e que non poderán implicar diminución dos niveis de protección previstos neste estudo básico.

O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado antes do inicio da obra polo coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra. Este poderá ser modificado polo contratista en función do proceso de execución desta da evolución dos traballos e das posibles incidencias ou modificacións que poidan xurdir ao longo da obra, pero sempre coa aprobación expresa do coordinador. Cando non sexa necesaria a designación do coordinador, as funcións que se lle atribúen serán asumidas pola dirección facultativa.

Quen interveñan na execución da obra, así como as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes nesta e os representantes dos traballadores poderán presentar por escrito e de maneira razoada as suxestións e alternativas que estimen oportunas. O plan estará na obra á disposición da dirección facultativa.

OBRIGAS DE CONTRATISTA E SUBCONTRATISTA

O contratista e subcontratistas estarán obrigados a:

Aplicar os principios de acción preventiva que se recollen no artigo 15 da Lei de prevención de riscos laborais e, en particular:

O mantemento da obra en bo estado de limpeza.

A elección da situación dos postos e áreas de traballo, tendo en conta as súas condicións de acceso e a determinación das vías ou zonas de desprazamento ou circulación.

A manipulación de distintos materiais e a utilización de medios auxiliares.

O mantemento, o control previo á posta en servizo e control periódico das instalacións e dispositivos necesarios para a execución das obras, con obxecto de corrixir os defectos que poidan afectar a seguridade e saúde dos traballadores.

A delimitación e acondicionamento das zonas de almacenamento e depósito de materiais, en particular se se trata de materias perigosas.

O almacenamento e evacuación de residuos e escombros.

A recollida de materiais perigosos utilizados.

A adaptación do período de tempo efectivo que haberá de dedicarse aos distintos traballos ou fases de traballo.

A cooperación entre todos os intervinientes na obra.

As interaccións ou incompatibilidades con calquera outro traballo ou actividade.

Cumprir e facerlle cumprir ao seu persoal o establecido no plan de seguridade e saúde.

Cumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais, tendo en conta as obrigacións sobre coordinación das actividades empresariais previstas no artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais, así como cumprir as disposicións mínimas establecidas no anexo IV do Real decreto 1627/1997.

Informar e proporcionarlles as instrucións adecuadas aos traballadores autónomos sobre todas as medidas que haxan de adoptarse no que se refire á súa seguridade e saúde.

Atender as indicacións e cumprir as instrucións do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

Serán responsables da execución correcta das medidas preventivas fixadas no plan e no relativo ás obrigas que lle correspondan directamente ou, se é o caso, aos traballadores autónomos por eles contratados. Ademais, responderán solidariamente das consecuencias que se deriven do incumprimento das medidas previstas no plan.

As responsabilidades do coordinador, da dirección facultativa e do promotor non eximirán das súas responsabilidades aos contratistas e aos subcontratistas.

OBRIGAS DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Os traballadores autónomos están obrigados a:

Aplicar os principios da acción preventiva que se recollen no artigo 15 da Lei de prevención de riscos laborais e, en particular:

O mantemento da obra en bo estado de orde e limpeza.

O almacenamento e evacuación de residuos e escombros.

A recollida de materiais perigosos utilizados.

A adaptación do período de tempo efectivo que haberá de dedicarse aos distintos traballos ou fases de traballo.

A cooperación entre todos os intervinientes na obra.

As interaccións ou incompatibilidades con calquera outro traballo ou actividade.

Cumprir as disposicións mínimas establecidas no anexo IV do Real decreto 1627/1997.

Axustar a súa actuación conforme aos deberes sobre coordinación das actividades empresariais previstas no artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais, participando en particular en calquera medida de actuación coordinada que se establecese.

Cumprir coas obrigas establecidas para os traballadores no artigo 29, apartados 1 e 2 da Lei de prevención de riscos laborais.

Utilizar equipos de traballo que se axusten ao disposto no Real decreto 1215/1997. Elixir e utilizar equipos de protección individual nos termos previstos no Real decreto 773/1997.

Atender as indicacións e cumprir as instrucións do coordinador en materia de seguridade e saúde.

Os traballadores autónomos deberán cumprir o establecido no plan de seguridade e saúde.

LIBRO DE INCIDENCIAS

En cada centro de traballo existirá, con fins de control e seguimento do plan de seguridade e saúde, un libro de incidencias que constará de follas por duplicado e que será facilitado polo colexio profesional ao que pertenza o técnico que aprobese o plan de seguridade e saúde.

Deberá manterse sempre en obra e en poder do coordinador. Terán acceso ao libro a dirección facultativa, os contratistas e subcontratistas, os traballadores autónomos, as persoas con responsabilidades en materia de prevención das empresas intervenientes, os representantes dos traballadores e os técnicos especializados das administracións públicas competentes nesta materia, que poderán facer anotacións neste.

Unha vez efectuada unha anotación no libro de incidencias, o coordinador estará obrigado a remitir no prazo de **vinte e catro horas** unha copia á Inspección de Traballo e Seguridade Social da provincia na que se realiza a obra. Igualmente, notificaralles as ditas anotacións ao contratista e aos representantes dos traballadores.

PARALIZACIÓN DOS TRABALLOS

Cando o coordinador e durante a execución das obras observe incumprimento das medidas de seguridade e saúde, advertirá o contratista e deixará constancia de tal incumprimento no libro de incidencias e quedará facultado para, en circunstancias de risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores, dispoñer a paralización de escavacións ou, se é o caso, da totalidade da obra.

Daralle conta deste feito para os efectos oportunos á Inspección de Traballo e Seguridade Social da provincia na que se realiza a obra. Igualmente, notificaralle ao contratista e, se é o caso, aos subcontratistas e/ou autónomos afectados da paralización e aos representantes dos traballadores.

DEREITOS DOS TRABALLADORES

Os contratistas e subcontratistas deberán garantir que os traballadores reciban unha información adecuada e comprensible de todas as medidas que deban adoptarse no que se refire á súa seguridade e á súa saúde na obra.

O contratista facilitaralles unha copia do plan de seguridade e saúde e das súas posibles modificacións, para os efectos do seu coñecemento e seguimento, aos representantes dos traballadores no centro de traballo.

ÓRGANOS OU COMITÉS DE SEGURIDADE E HIXIENE. CONSULTA E PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES

Segundo a Lei de riscos laborais (artigo 33 ao 40), procederase a:

Designación de delegados de provincia de prevención, por e entre os representantes do persoal, de acordo con:

De 50 a 100 traballadores: 2 delegados de prevención.

De 101 a 500 traballadores: 3 delegados de prevención.

Comité de Seguridade e Saúde:

É o órgano paritario (empresarios-traballadores) para consulta regular. Constituirase nas empresas ou centros de traballo con 50 ou máis traballadores:

Reunirase trimestralmente.

Participarán con voz, pero sen voto, os delegados sindicais e os responsables técnicos da prevención da empresa.

Poderán participar traballadores ou técnicos internos ou externos con especial cualificación.

DISPOSICIÓNS MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE QUE DEBEN APLICARSE NAS OBRAS

As obrigas previstas nas tres partes do anexo IV do Real decreto 1627/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, aplicaranse sempre que o esixan as características da obra ou da actividade, as circunstancias ou calquera risco.

Daniel Órrea Corral
Arquitecto Técnico